

Concello de Brión: fase de oposición convocatoria proceso selectivo para a provisión dun posto de Axente de Igualdade (19/09/2022)

PARTE 1. CUESTIONARIO TIPO TEST:

1. Cal dos seguintes dereitos constitucionais non ten a consideración de fundamental ?

- a) Dereito á produción artística.
- b) Dereito á propiedade privada e a herdanza.
- c) Os españois teñen dereito a elixir libremente a súa residencia.

2.- Conforme ao artigo nove do Estatuto de Autonomía de Galicia, os poderes da Comunidade Autónoma exerceranse a través de:

- a) Da Asemblea, do Parlamento e do seu Presidente.
- b) Do Parlamento, da Xunta e do Presidente do Parlamento.
- c) Ningunha é correcta.

3. O prazo máximo para notificar a resolución expresa dun procedemento administrativo será o seguinte:

- a) Non poderá exceder de seis meses.
- b) Non poderá exceder de seis meses salvo que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto na normativa comunitaria europea.
- c) Non poderá exceder de seis meses salvo que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto na normativa das comunidades autónomas.

4.- Cal dos seguintes medios de execución forzosa non se contempla na Lei do Procedemento Administrativo:

- a) Apremio sobre o patrimonio.
- b) Execución directa.
- c) Multa coercitiva.

5.- De acordo co artigo 44 da Lei 39/15 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Admóns. Públicas, cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, e se ignore o lugar da notificación ou ben, intentada esta, non se houberse podido practicar:

- a) A notificación farase por medio dun anuncio publicado no Boletín Oficial do Estado.
- b) A notificación farase por medio dun anuncio publicado no Boletín Oficial do Estado e na sede electrónica do Concello.
- c) A notificación farase por medio dun anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia.

6. Atendendo só á poboación, ¿en qué Municipios debe existir a Xunta de Goberno Local?:
- Nos de mais de 10.000 habitantes.
 - Nos de mais de 5.000 habitantes.
 - Ningunha é correcta.
7. A qué órgano compete o nomeamento dos compoñentes da Xunta de Goberno Local?:
- Ao Alcalde.
 - Ao Pleno.
 - Ao Alcalde ou ao Pleno, segundo os casos.
8. Os funcionarios públicos clasifícanse en:
- Exclusivamente en funcionarios de carreira e funcionarios interinos.
 - Os funcionarios de carreira; os funcionarios interinos; o persoal laboral, agás o contratado temporalmente; o persoal eventual.
 - Os funcionarios de carreira; os funcionarios interinos; o persoal laboral, xa sexa fixo, por tempo indefinido ou temporal; o persoal eventual.
9. Segundo o artigo 11 do TREBEP, os procedementos de selección do persoal laboral rexeranse en todo caso polos principios de:
- Igualdade, mérito e capacidade e celeridade.
 - Igualdade, mérito e capacidade.
 - Mérito, capacidade e obxectividade.
10. O nomeamento e cese do persoal eventual , segundo o artigo 12 do TREBEP:
- Corresponderá á autoridade á que preste a función de confianza ou asesoramento.
 - Atenderá aos principios de igualdade, mérito e capacidade.
 - Será libre.
11. O artigo 6. da Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres, define a discriminación directa por razón de sexo como:
- A situación na que se atopa unha persoa que sexa, fora ou pudiera ser tratada, en atención ao su sexo, de xeito menos favorable que outra en situación comparable.
 - A situación na que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros, pon a persoas dun sexo en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro.
 - Ambas son correctas.
12. Entre as medidas educativas destinadas á prevención da violencia de xénero no texto da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, atópanse:
- A formación da totalidade dos e das profesionais.
 - A incorporación da perspectiva de xénero nos proxectos educativos e curriculares de centro.
 - A atención psicolóxica.

13. O establecemento dun réxime de axudas e subvencións específico para as empresas que contraten a mulleres que sofren violencia de xénero, recóllese:

- a) Na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- b) Na Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres.
- c) Na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

14. Existirá discriminación indirecta segundo a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia:

- a) Cando unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros podan ocasionar unha desvantaxe particular a personas por razón da súa orientación sexual ou identidade de xénero.
- b) Cando unha persoa sexa, fora ou pudiera ser tratada de xeito menos favorable que outra en situación análoga ou comparable por razón da súa orientación sexual ou identidade de xénero.
- c) Cando unha persoa sexa discriminada por razón da súa orientación sexual e/ou identidade de xénero conxuntamente con outra causa ou causas de discriminación, como a idade, relixión ou creencias.

15. A ampliación da duración do permiso de paternidade tivo o seguinte percorrido:

- a) Ata 8 semanas dende o 1 de abril de 2020, e a 16 semanas dende o primeiro día de 2021.
- b) Ata 8 semanas dende o 1 de abril de 2019, e a 16 semanas dende o primeiro día de 2021.
- c) Ata 8 semanas dende o 1 de abril de 2019, a 12 semanas a partires do 1 de xaneiro de 2020, e a 16 semanas dende o primeiro día de 2021.

16. A “Red de Políticas de Igualdad entre mujeres y hombres” nos Fondos Comunitarios:

- a) É un foro de debate e análise para mellorar a integración real e efectiva da perspectiva de xénero nas intervencións cofinanciadas polos Fondos Comunitarios.
- b) Absorbe máis dun tercio do orzamento comunitario total.
- c) Ambas son correctas.

17. A Ley Orgánica de Modificación de la LOE (LOMLOE) adopta un enfoque de igualdade de xénero ao través da coeducación e o fomento da aprendizaxe da igualdade efectiva de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual:

- a) Nas etapas de educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato.
- b) Nas etapas de educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional e formación de adultos.
- c) Nas etapas de educación primaria, secundaria e bacharelato.

18. Son obxectivos do IV Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes do Concello de Brión:

- a) Promover a igualdade entre mulleres e homes no acceso ao emprego, á formación e ao emprendemento.
- b) Difundir as accións levadas a cabo no marco do IV PIOM por tódolos medios dispoñibles, garantido que estea presente nas principais dependencias municipais e nas redes sociais e web do Concello.
- c) Manter unha difusión e/ou colaboración continuada e actualizada con respecto ás diferentes campañas de sensibilización e prevención da violencia de xénero realizadas a nivel estatal, autonómico e provincial.

19. O artigo 12 da Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres, expresa, acerca da tutela xudicial efectiva:

- a) Calquera persoa poderá recabar dos tribunais a tutela do dereito á igualdade entre mulleres homes, de acordo con establecido no artigo 53.2 da Constitución, incluso tras o remate da relación na que supostamente se produxo a discriminación.
- b) A capacidade e lexitimación para intervir nos procesos civís, sociais e contencioso-administrativos que versen sobre a defensa deste dereito corresponden unicamente ás persoas físicas con interés lexítimo, determinadas nas Leis reguladoras destes procesos.
- c) a e b son correctas.

20. Segundo recolle a Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, apoiarase un servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais e as súas familias e persoas achegadas, en colaboración con:

- a) Os gobernos locais.
- b) Os centros de información á Muller
- c) Os centros de información á muller e as institucións educativas

PREGUNTAS DE RESERVA:

1. O IV Plan de Igualdade entre mulleres e homes do Concello de Brión:

- a) Estará en vigor entre 2021 e 2025.
- b) Sinala áreas municipais de responsabilidade para cada unha das accións propostas.
- c) Sinala como áreas preferentes de actuación, entre outras, a educación en Igualdade, e o fomento do empoderamento cultural das mulleres.

2. A tenor do artigo 55.1 da LPACAP, con anterioridade ao inicio do procedemento administrativo, o órgano competente poderá abrir un período de información e actuacións previas co fin de:

- a) Recabar a información necesaria para a súa resolución.
- b) Dar a coñecer aos interesados o inicio do procedemento.
- c) Coñecer as circunstancias do caso concreto e a conveniencia ou non de iniciar o procedemento.

PARTE 2. DISEÑO DE PROXECTO

Presenta o esbozo dun proxecto en non máis de dúas carillas, que inclúa áreas de acción preferentes, obxectivos básicos e accións encamiñados ao logro dos ditos obxectivos, a desenvolver no Concello de Brión como Axente de Igualdade.